


2. Identifica o tipo de descripción presente nestes textos.

Un videoxogo é un xogo electrónico no cal o xogador interactúa con imaxes enviadas a un dispositivo que as exhibe, xeralmente unha televisión ou un monitor.

Os sistemas electrónicos usados para xogar aos videoxogos, coñecidos como plataformas, son, por exemplo, os computadores ou as consolas. Os arcades e celulares son tamén bos exemplos de plataformas.



4. Atendendo à sua estrutura e aos seus traços lingüísticos, explica-se o seguinte texto é narrativo.

Capuchiña Vermella

Érase que se era unha meniña moi bonita á que chamaban Capuchiña Vermella. Un día, Capuchiña decidiu visitar a súa avoa, que vivía no bosque.

Despois de camiñar un pouco encontrou un lobo:

“Ola”, dixo o lobo. “Para onde vas?”, preguntou o animal. “Vou ver a miña avoíña”, respondeu a cativa. “Facemos unha carreira?”, desafiouna o lobo. “Ti vas por este camiño e eu vou por aquel”, dixo el.

Polo camiño, a meniña parou para apañar flores, mais o lobo correu a toda présa e nun instante chegou á casa da avoa.

O lobo bateu á porta. “Entre”, dixo a avoa de Capuchiña. Entón, o lobo deu un salto e enguliu a velliña!

O lobo vestiu axiña as roupas da avoa e deitouse na cama. Entre tanto, a Capuchiña Vermella chegou á casa e bateu á porta.

“Entra”, dixo o lobo. “Avoíña, a túa voz está moi rouca”, falou a nena. A Capuchiña Vermella achegouse á cama da avoa e o lobo agarrouna e... papouna! E como o lobo tiña o bandullo moi cheo, acabou por adormecer. Nese momento entrou na casa un leñador que por alí pasaba, estrañado de ver a porta aberta. Decatouse do que acontecera e púxose a pensar o que facer.

Decidiu atar unha corda ao rabo do lobo e puxou con toda a súa forza até o lobo ficar de cabeza para abaixo e coa boca toda aberta. A avoa e a Capuchiña Vermella saíron pola boca do bicho... Estaban salvas!

“Marcha lonxe, lobo, marcha para nunca regresar!”, dixeran. E nunca se volveu saber máis nada do lobo aquel...